

O servizo de apoio á investigación

A investigación, como fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte de transferencia social do coñecemento, constitúe unha función esencial da universidade, tal como se reflexa nos Estatutos da UDC. De aí que o sitio web da biblioteca conte cunha sección de Soporte á investigación. Os contidos dos apartados de que consta este servizo na páxina web son:

Xeneralidades: apartado introdutorio que inclúe documentos xerais sobre a investigación, dende lexislación ou dereitos dos investigadores ata tutoriais de interese para eles. Inclúense os seguintes subapartados:

- ***Metodoloxía:*** iniciativas e plataformas de Open Methodology, que ten como obxectivo facilitar a colaboración aberta na investigación científica, compartindo detalles metodolóxicos do traballo e as ferramentas utilizadas para a recopilación e análise de datos.
- ***Indicadores:*** a través dos que consultar os investigadores altamente citados, os máis influentes do mundo, así como rankings das institucións.
- ***Blogs de apoio á investigación:*** selección de blogs nos que se publican tanto novas sobre os últimos avances en investigación como artigos sobre recursos de apoio á carreira investigadora.

Recursos para a investigación: proporciónanse guías dos principais recursos de traballo (catálogo, xestores bibliográficos, bases de datos, revistas e libros electrónicos...), así como ferramentas 2.0 de apoio á docencia e á investigación (sistemas de almacenamento na nube, marcadores sociais, etc.)

A continuación, ofrécese información sobre servizos e recursos clasificados segundo as fases do ciclo de produción científica:

Publicación: información sobre as implicacións legais do uso da produción intelectual e da actividade investigadora propia e allea, indicacións de cómo elaborar e publicar un artigo científico, de cómo presentar, tramitar e defender a tese, cómo citar, e información sobre a ética na investigación e publicación, incluíndo recursos de detección de plaxios. Por último, inclúese un apartado sobre a publicación en acceso aberto, no que se explican as vías que existen así como tódolo relacionado coas políticas de dereitos de autor dos principais editores en canto ó autoarquivo en repositorios.

Difusión: ademáis de proporcionar información sobre revistas científicas e o RUC, posibles fontes de difusión dos resultados da investigación, existe un apartado dedicado ás redes e comunidades científicas, co obxectivo de promover a colaboración e o intercambio de coñecementos entre os investigadores e as institucións. Ademáis de

clasificacións de redes españolas, internacionais ou especializadas, son interesantes as **Redes UDC**, nas que participan investigadores da nosa universidade.

Preservación: céntrase no **RUC**, que ten como obxectivo preservar a documentación dixital derivada da actividade investigadora, docente e institucional dos membros da UDC, e nos **datos abertos**, dispoñibles libremente para todo o mundo, sen restriccións de dereitos de autor ou outros mecanismos de control.

Xa nun último bloque trátanse aspectos relacionados co impacto da investigación:

Avaliación da investigación: é un dos apartados máis amplos, no que o peso máis importante recae nos indicadores da produción científica, incluíndo:

- *Principais indicadores da produción científica*: factor de Impacto, SCImago Journal Rank, índice h, cuartil, índice de inmediatez e outros
- *Indicadores de calidade de revistas científicas*: tódolos índices de calidade das revistas que se mencionan nos criterios específicos para sexenios, dende os españois (RESH, DICE, CARHUS Plus+...) ata os internacionais (JCR, SJR, ERIH Plus...)
- *Indicadores de calidade de monografías*: Book Citation Index (BCI), Scopus, etc.
- *Outros indicadores*: patentes, datos, software
- *Indicadores dos resultados da investigación (snowball metrics)*: as vintecatro *snowball metrics*, coas definicións e fontes empregadas para a súa elaboración

Inclúese tamén un apartado sobre a **edición predadora** (editores que promocionan dudosas revistas especializadas, cun alto factor de impacto e unha publicación rápida, sempre que se paguen os altos custos do proceso editorial) e outro sobre **acreditación e sexenios**.

Edición: información sobre cómo publicar unha revista, cómo difundila (incluíla no catálogo da biblioteca, no RUC, en Dialnet ou en bases de datos) e cómo avaliala (incluíla nos índices de avaliación).

Identificación e normalización: un dos apartados máis importantes desta sección é o relativo á normalización do nome do autor nas publicacións, así como a **Normativa sobre filiación institucional para os autores da UDC**. Inclúese tamén información adicional sobre cómo xenerar o Curriculum Vitae Normalizado, números normalizados que existen, etc.

Política científica: información sobre servizos da UDC de apoio á investigación (SAI, OTRI...) e servizos de política científica (convocatoria de sexenios, criterios por campos de avaliación...).